

Testamento 2013

Ai, rapaces! Que desgraza!
Mirade o que sucedeu:
como este ano os recortes
baleiraron as carteiras
o que arde nas fogueiras
non é outro senón eu.

Os cartos que vos quitaron
esquecédevos xa deles,
que os gardaron en Suíza
unha banda de bos peixes:
Urdangarín, os Pokémon
a Pantoja e ata o Rei
despilfarraron aforros
sen compaixón por ninguén.

Pensastes que a fin do mundo
chegaba no 2012
e xa todo remataba...
pero non vos foi así
que aínda estades por aquí
levantando as vosas voces!

Seguiredes protestando
e facendo moitas folgas
porque por tódolos lados
parece que veñen tortas:
esa Lei de Educación
que quere poñer exames
a falta de mandar mestres
para ter mellores clases!

Os problemas de Navantia
preocuparán moito a todos
e non sei se xa teredes
Seguridade Social
por falta de persoal...
Estavos volvendo tolos!

Vexo ao novo director
algúns días preocupado
e dándolle moitas voltas
ao do gasóleo roubado.

Estoume poñendo triste
contando tantas penurias
e lémbrome de Miliki
que escorrentaba as angurias!

Como podedes ver todos
eu estou tirando a pobre
así que non agardedes
herdar nada moi careiro
neste Entroido tan tristeiro:
deixarei o que se pode!

Comezo cos máis pequenos:
deixareilles ILUSIÓN
para que veñan ao cole
como voando en avión.
Os chavales de Primaria
herdarán a FORTALEZA
e - como a carreira é longa -
combinada con PACIENCIA.

ESPERANZA e ALEGRÍA
entrego aos de Secundaria
que se ergan cada día
coa LEDICIA necesaria.
Pensando estou en Mercedes,
que anda sempre tan liada,
só lle deixo VALENTÍA,
de ENERXÍA vai sobrada.

A José que vos recibe
cada día con cariño,
legareille a CONFIANZA
que é moi boa no camiño.
E só me faltan os profes,
que ás veces andan moi tesos,
con AMIZADE e AMOR,
cumprirán os seus desexos.

E “Chegou a miña hora”
crédeme que vou contento
que este ano co Lipdub
paseino coma un anano
e sentinme case humano
brincando a cada momento.